

1

Guerra total, destrución, aniquilación e morte, son palabras que en pleno século XXI seguimos manexando e incorporando a nosa memoria de forma casi automática, asociándoas case sempre, con nomes de conflitos bélicos como a I e II Guerra Mundial, a Guerra Civil española, Hiroshima, Corea, Vietnam, Bosnia-Herzegovina, Afganistán, Siria... todos eles sinónimo, entre outras cosas, da dor que miles de persoas anónimas e inocentes sufriron e sufren nes lugares. Persoas anónimas que acaban converténdose nas principais vítimas destes conflitos, vítimas civís, mulleres e nenos, sobre as que a crudeza e cada vez máis sofisticada maquinaria da guerra proxecta todo o seu poder destrutivo.

Francisco de Goya: *Los desastres de la guerra*, 1810-1816. Colección Museo do Gravado (Ribeira)



2



Castelao: *A derradeira lección do mestre*, 1945. Colección do Centro Galicia de Bos Aires

mamelucos (1814) e *Los fusilamientos* (1814), pero sobre todo na serie dos *Desastres de la guerra* (1810-1816), Goya vai denunciar a deshumanización da guerra, dando protagonismo as vítimas anónimas que loitaban pola súa liberdade.

Pero case dous séculos antes de que Goya plasmase de forma tan moderna a súa visión sobre a situación política do seu país e as consecuencias da Guerra da Independencia, o pintor e gravador francés **JACQUES CALLOT** (1592-1635) aparece como un referente na súa maneira de relatar a ruindad e brutalidade da

guerra, por riba de calquera lectura heroica ou grandilocuente. A súa serie de gravados *Grandes Misères et lles Malheurs da guerre*, publicado en 1633 durante o conflito da Guerra dos Trinta Anos contra os privilexios de Luís XIII, é un alegato contra as atrocidades da guerra, os fusilamentos, as violacións e a pillaxe que de forma indiscriminada sofren as vítimas civís.

Os *Desastres de la Guerra* pode considerarse unha das obras con maior carga dramática na traxectoria de Goya e

Luis Seoane: *13 estampas de la traición*, 1937. Fundación Luis Seoane



3



Xabier Correa Corredoira: *Non á guerra*, 2016. Colección do autor

onde relata de maneira máis clarividente, a súa visión sobre a condición humana, reflectindo a violencia, a crueldade, a fame, a soidade e a morte que provoca a guerra. Unha guerra que en si mesma é un fracaso, por iso non se pode distinguir entre bos e malos, vencedores e vencidos. Ao final, soamente é un profundo drama, un profundo desastre.

Goya realizou os seus *Desastres* entre 1810 e 1816, pero non os deu a coñecer mentres viviu, por temor á represión política do novo monarca. Non foi ata tres décadas despois da súa morte, cando a Real Academia de San Fernando publica a primeira edición no ano 1836. Un século despois da publicación da primeira edición dos *Desastres de la guerra*, outro terrible suceso ía marcar a historia española: o golpe de estado de xullo de 1936 contra o goberno da II

República cambiaría de forma abrupta o devir histórico do noso país.

PABLO PICASSO (1881-1973) é, neses momentos, o artista español con maior proxección internacional e o seu apoio á II República quedará patente, cando en xaneiro de 1937 acepta o encargo de realizar un mural destinado ao Pavillón Español da Exposición de París "Arte e Técnicas da Vida Moderna". Serán os prolegómenos do *Guernica*, un referente na historia da pintura contemporánea e unha icona que forma parte da historia visual das nosas vidas, sen dúbida, a gran escena trágica da nosa cultura contemporánea. Cando Picasso recibe o encargo do *Guernica*, comprométese ademais na realización dunha serie de augafortes destinados a recaudar fondos a favor da causa republicana. O resultado foi a carpeta de dous gravados, *Sueño y*

4

mentira de Franco, referente inexcusable á hora de abordar calquera anélise sobre o *Guernica*.

En Galicia **RAMÓN PARADA JUSTEL** (1971-1902), un dos compoñentes da chamada *Xeración Doente* realizará en 1899 o cadro *A familia do anarquista o día da execución*, co que concorre á convocatoria para cubrir varias prazas de pensionada para a Academia de España en Roma, que é rexeitada polo tratamento moi orixinal do tema. Na tea a preocupación esencial céntrase na psicoloxía dos personaxes e na diversidade

Mercedes Ruibal: *Con Chile no corazón*, 1970. Colección particular



de sentimentos e actitudes ante este tremendo suceso. É un dos primeiros artistas contemporáneos en Galicia que se achega a temática da violencia da guerra, distribuindo os elementos escénicos da obra cun complexo esquema de liñas e planos.

O golpe de estado de 1936, coa represión, o terror e a tremenda experiencia da posterior Guerra Civil, serán claves para o posicionamento e a denuncia de moitos dos artistas que contribuíran á modernidade da creación plástica nas primeiras décadas do século XX en Galicia.

LUÍS SEOANE (1910- 1979), **CASTELAO** (1886-1950), **COLMEIRO** (1901-1999), **ARTURO SOUTO** (1902-1964) e **FEDERICO RIBAS** (1890- 1952)

denunciaran aos responsables do golpe de estado e a dramática situación da poboación civil por mor do conflito e a represión posterior. Como é o caso do álbum *Trece estampas de la traición*, publicado ao comenzo do exilio de Seoane en Arxentina no ano 1937, onde o pesadelo, o desacougo, a morte están presentes en cada un destes debuxos. Formou parte das diversas publicacións que integraron a campaña de propaganda no exterior levada a cabo polo goberno da II República.

CASTELAO na súa triloxía sobre o conflito *Galicia Mártir*, *Atila en Galicia* (1937) e *Milicianos* (1938) fai expresa a súa postura en defensa da República e como denuncia internacional da represión que estaba sufrindo Galicia por parte dos fascistas.

As tintas sobre papel de Colmeiro tituladas *Terror en Galicia* (1936) dan boa mostra da



Isaac Díaz Pardo: *Sen título*, 1955. Colección particular

dor a través dos trazos e algúns elementos que expresen a destrución de Galicia por parte do exercito sublevado.

ARTURO SOUTO (1902-1964), que participará activamente na propaganda republicana con debuxos e carteis, colaborando en algunhas revistas como ilustrador, como *O Mono Azul*, *O Buque Vermello*, *Nova Cultura*, *Hora de España* realizará os seus *Debuxos da guerra* en 1937, unha serie de gravados nos que denuncia a morte e a represión sobre a poboación civil. *Milicianos nun interior* (1937) é un exemplo deste tipo de obras: trazos incisivos e rápidos, abundancia de sombras para dar un marcado ton expresionista.

ISAAC DIAZ PARDO (1920-2012) fará unha homenaxe ao seu pai Camilo Díaz Baliño asasinado pouco despois de estoupar a Guerra Civil, no seu cadro *Os afogados* (1946) onde a traxedia dos mariñeiros afogados é unha metáfora do horror e as vítimas da guerra, dos paseados.

Outros artistas como **CONDE CORBAL** (1923- 1999) co seu álbum *O Fardel da guerra*, **AGUSTÍN PÉREZ BELLAS** (1927-1982), arquitecto e debuxante, e sobre todo a súa muller, a pintora **MERCEDES RUIBAL** (1928-2003), traballará unha pintura de composición máis complexa e maior dramatismo na que incluírá esceas de denuncia da guerra e a represión do

golpe de estado en Chile, nas súas obras *Vietnam*, *Con Chile en el corazón* e *La muerte de Allende*

Para **XAIME QUESSADA** (1937-2007), serán constantes os motivos e as obras inspiradas en Goya, como a súa Serie Negra, nas que inclúe *Treblinka* e *Auschwitz*, e mais en Picasso, con numerosas versións do *Guernica*, sen esquecer que aos acontecementos do 11 S lle dedicou o cadro *Las Torres Gemelas*.

Pero sen dúbida, será **FRANCISCO LEIRO** (1957), un referente na renovación escultórica española de finais do século XX, un dos artistas que se sinte solidario e comprometido coa realidade da

catástrofe, a dor, a guerra,... que se sente impresionado por iso e reflexiona sobre a condición humana, a morte e a brutalidade da guerra, neste caso de Bosnia-Herzegovina en esculturas como *Molido*, ou os feitos que non só o conmocionaron senón que cambiaron a percepción da invulnerabilidade da nosa sociedade como foron os atentados do 11-S.

Leiro traslada esa conmoción ao seu *David* (2001), realizada en Nova York, xusto despois desta acción terrorista que causou máis de 3.000 mortos e a destrución, entre outros, do emblemático World Trade Center. Leiro reflexiona aquí sobre o absurdo de calquera acción terrorista.

Xaime Quessada: *Camboya*, 1967. Colección “Os nosos fondos”



Patrocina



Organiza



Deseño: Xosé Díaz
Imprime: Sgraf
Depósito Legal: C 0000-2020

Actividade incluída no programa F0300/2020 de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na provincia da Coruña

DA GUERRA COMA ARTE A ARTE EN CONTRA DA GUERRA A guerra e o seu relato na arte contemporánea en Galicia

Rosario Sarmiento